



Acta da Asemblea Xeral Ordinaria da Asociación Profesional de Bombeiros e Bombeiras Forestais de Galicia

En **Silleda**, na **Casa da Cultura**, sita na Rúa do Progreso, Nº 41 da localidade de Silleda, Pontevedra, sendo as **10:30 horas** do día **7 de marzo de 2020**, reúnese a Asemblea Xeral Ordinaria da Asociación Profesional de Bombeiros e Bombeiras Forestais de Galicia (APROPIGA) en segunda convocatoria, ó non acadarse ó quórum suficiente da maioría simple dos Asociados que establecen os Estatutos para a apertura da sesión en primeira convocatoria, tras ser convocada en tempo e forma conforme á normativa legal aplicable e ó preceptuado no articulado do corpo estatutario da Asociación.

A Asemblea, convocada polo Presidente *Víctor Villadeamigo* mediante nota informativa, remitida polo medio elixido por cada un dos asociados, ten como ORDE DO DÍA:

1. Benvida e apertura da Asemblea Xeral Ordinaria a cargo do Presidente
2. Lectura e aprobación, si procede, da acta da sesión anterior
3. Presentación, debate e aprobación, si procede, sobre as diferentes propostas e liñas a seguir pola Asociación no presente ano 2020
4. Elección dun novo Consello Directivo
5. Varios, rogos e preguntas

A continuación, previa deliberación e debate sobre cada un dos puntos da orde do día, adóptanse os seguintes acordos.

Deliberacións e acordos

1. Benvida e apertura da Asemblea Xeral Ordinaria a cargo do Presidente
2. Lectura e aprobación, si procede, da acta da sesión anterior

Procédese por parte do Secretario a dar lectura da acta da Asemblea Xeral Ordinaria anterior, con data de 14 de decembro de 2019. Sometendo a votación a súa aprobación, resulta aprobada por unanimidade dos asistentes.

3. Presentación, debate e aprobación, si procede, sobre as diferentes propostas e liñas a seguir pola Asociación no presente ano 2020

Se dá lectura polo Secretario da Asociación, das diferentes propostas e liñas a seguir neste próximo período.

Ábrese un debate aberto ó respecto das liñas a seguir, manifestándose por parte da Asemblea a necesidade de que APROPIGA siga defendendo os interese xerais do colectivo do SPIF.

Proponse a elaboración dunha nova táboa reivindicativa básica que elaborará o novo Consello Directivo elixido nesta mesma Asemblea.

Por último é tratada a cuestión das cotas, as cales se acordou que non se pasaran este ano 2020, quedando para o 2021 a decisión de pasalas ou non, así como de fixar a cantidade destas.

Sometidas a votación da Asemblea, as propostas realizadas son aprobadas por unanimidade dos asistentes.



4. Elección dun novo Consello Directivo

Dada a actual situación na que o Consello Directivo se atopa en funcións, é necesaria a súa renovación mediante a votación e elección polos Asociados presentes, tal e como establece o corpo estatutario da Asociación.

Sometendo a votación dita elección, resulta elixido o seguinte Consello Directivo:

PRESIDENTE:

Josafat Puente

VICEPRESIDENTE:

Ignacio Salcedo

SECRETARIO:

Ángel González

TESOUREIRO:

Antonio Rodríguez

VOGAL A CORUÑA:

Borja García

VOGAL LUGO:

David López

VOGAL OURENSE:

Gumersindo Fernández

VOGAL PONTEVEDRA:

Paulino Ferreira.

Que neste momento aceptan o nomeamento.

5. Rogos e preguntas

Non hai rogos nin preguntas.

Sen ningún asunto máis que tratar, o Presidente da por rematada a Asemblea Xeral Ordinaria sendo as **13:30** do día citado, de todo o cal dou fe como Secretario, e redacto e firmo a presente Acta co visto e praxe do Presidente.

En Silleda, a 7 de marzo de 2020

O Secretario

Visto e praxe, o Presidente

Ángel González Lens

Josafat Puente Pérez